

Amor de agosto

Hala bicar. E o bico que lle deas será
polo que medirás todos os outros bicos da túa vida.

SCOTT HICKS: *Corazóns en Atlántida.*



O que quero contar ocorreu no verán de 1968, tiña eu daquela dezasete anos. Traballaba no negocio dos Bordelle, o único taller de coches que había na vila merecente de tal nome. Xa levaba máis dun ano nel, e ben orgulloso que me sentía de poder axudar na casa coa miña paga semanal. Agora sei que ese ano ocorreron moitas cousas importantes no mundo, e que en cidades como París ou Praga a xente da miña idade andaba a facer a revolución polas rúas, mais daquela eu ignoraba todo iso. Vilarelle era un lugar onde todo resultaba tan previsible e inmutable coma o paso das estacións. Un lugar onde o tempo transcorría doutro xeito, se é que transcorría, pois agora penso se non estaría empozado coma a auga na presa do muíño, onde nunca nos bañabamos porque a superficie aparecía cuberta por unha capa de verdelixo que se ape- gaba á pel coma unha enfermidade.

Da escola marchei aos trece anos, pois na miña casa dixeron que xa era grande e non necesitaba aprender máis. O mestre da clase dos maiores estaba medio xordo, mais era unha boa persoa e quería-me ben.

Sempre me dicía que debería continuar os estudos e facer o bacharelato por libre, se cadra porque vía que me gustaba moito ler e non se me daba mal o de escribir. Pero, tal como estaban as cousas, era como se agora lle dis a un rapaz que ten que chegar á Lúa nun foguete espacial. Unha toleada! Daquela os pobres tiñamos claro o que nos agardaba, e a estudar só ían os poucos que eran de casa rica. Os máis dos rapaces, ao facermos os quince anos, buscabamos un lugar onde gañar algúns cartos e aprender un oficio, así estaban as cousas. Non é que me queixe; o pasado, pasado está, e non se amaña nada con lamentacións. Ben mirado, non me podo laiar da miña sorte; comparado con outros que acabaron de albaneis ou traballando nas terras por un xornal, considérome unha persoa afortunada. A min sempre me gustaran os coches e atopeme a gusto naquel traballo desde o primeiro día, pois era hábil e aprendía rápido. E o señor Ramón, o maior dos Bordelle, que era quen dirixía o taller, sentíase cada día máis satisfeito co meu labor. Xa falaba de pagarme coma aos outros mecánicos, e non deixaba de repetirme que eu «tiña futuro» no negocio dos coches.

Laura era a filla máis nova do señor Ramón. Tiña un ano menos ca min e eu coñecía de toda a vida, estaba farto de vela pola rúa des que era unha cativa coas pernas tan delgadas que lle chamabamos «a Popotitos», por unha canción que cantaban os Teen Tops e que daquela botaban moito pola radio. Ao facer os once anos mandárona á Coruña interna, coas monxas,

a facer o bacharelato; debeu de ser a primeira rapaza da vila que marchou a estudar fóra. Foi daquela cando lle perdín a pista. Supoño que volvería polas vacacións, mais andaría co grupo dos veraneantes, os que eramos pobres non tiñamos rozamento ningún con esa xente. A verdade é que non volvín reparar nela ata aquel verán, que foi cando lle cambiou o corpo e se transformou nunha moza que levaba tras dela todas as miradas.

Algunhas veces entraba no taller, case sempre para pedirlle cartos a seu pai, e a min érame imposible afastar os ollos dela, parecíame a rapaza máis fermosa que nunca vira. Debera de pasar o mes de xullo na praia, un costume que daquela comezaba a poñerse de moda entre a xente rica, e estaba bronceada coma as rapazas que só se vían no cine ou nas revistas. Ela nin reparaba en min, xaora; eu non era máis ca un empregado que se movía entre os coches coas mans cheas de graxa.

As festas da vila celebrábanse sempre a mediados de agosto e duraban varios días. Os mozos agardabamos por elas cun devezos que hoxe resulta difícil de entender. Os rapaces de agora teñen unhas liberdades que nós nin podíamos soñar: bailan e pasean coas mozas calquera día do ano, mentres que para nós as festas eran a nosa única oportunidade. Daquela aínda se celebraban as verbenas na rúa e todo o mundo ía a elas, pobres e ricos, aínda que seguía a haber unha barreira invisible que mantiña a cadaquén no seu lugar.

A noite derradeira vin a Laura coas súas amigas, sentadas na terraza do Casino. Resplandecía, non esaxero, aínda a estou vendo con aquel vestido branco que levaba e que tanto facía resaltar o moreno da súa pel. O Casino era un territorio que non me correspondía, ben sabía que as rapazas de casa rica ou as veraneantes non se relacionaban con nós. Aínda así, armeime de valor e achegueime a onde estaban. As amigas fitábanme abraiadas, pois tamén elas eran conscientes de que eu estaba violando unha lei non escrita, mais non lles fixen caso e concentrei a miña mirada nos ollos de Laura.

—Queres bailar? —pregunteille.

Antes de que abrise os labios, xa souben que me ía dicir que si, noteillo na mirada que me botou. Eu daquela era un mozo guapo e lanzal; vestido con boa roupa, como a que levaba aquel día, non tiña nada que envexar aos señoritos que pasaban todo o día de nugalla.

Abandonamos a terraza e baixamos á alameda. Bailamos unha peza, e outra, e outra máis, perdéndonos entre as parellas que ateigaban o espazo da verbena. Os dous eramos faladores, axiña nos engaiolamos cos ollos e coa conversa. Lembrábase de min, sorprendeume saber que gardaba a imaxe de cando eu era un neno. Non fixo referencia ningunha ao meu traballo no taller do seu pai, do que quizais nada sabía. Tampouco eu comentei nada, o que nos sobran eran temas dos que falar. Ademais, dábanme vergonza as miñas mans endurecidas, tan distintas á pel suave das súas.

Nalgún momento comenteille o da chuvia de estrelas. Pola mañá lera no xornal unha reportaxe sobre ela que me chamara moito a atención, pois explicaba con todo detalle o que acontecería. Aquela noite era a do once de agosto, cando todos os anos se produce ese fenómeno que a xente chama «as bágoas de San Lourenzo». Chamámoslles estrelas fugaces pero non son máis ca partículas abandonadas por un cometa na súa viaxe eterna polo espazo. Po de cometa, anaquiños que se poñen incandescentes ao entraren na atmosfera e brillan por uns instantes, mentres se queiman ata desintegrárense. Laura, que nunca as vira, amosouse interesadísima e insistiu unha e outra vez en que lle encantaría velas.

Entón afastámonos da festa e fomos deica a carballeira que está ao pé do río, un lugar a onde non chegaban as luces da verbena. E si, aquela noite vimos as estrelas fugaces cruzando o ceo escuro, os dous debruzados na varanda, con Laura entusiasmada polo espectáculo e eu enfeitizado polo recendo docísimo que ela desprendía. Nalgún momento rodeeina cos meus brazos e deille un bico, tan fugaz coma o paso das estrelas, e Laura respondeu ao meu cun beixo tímido. Tras aqueles bicos inocentes, fomos descubriendo xuntos outros máis apaixonados. E abrazámonos, abrazámonos coma se estivésemos só no mundo e a carballeira fose un espazo situado a máis de mil quilómetros de calquera lugar habitado. Era delicioso sentir a calor e o recendo do seu corpo, e a presión docísima dos seus peitos ao apertarse contra min.

Si, aquela noite fun feliz; calquera que se namorase algunha vez coñece ben a felicidade á que me refiro.

Regresamos á festa varias horas despois, cando xa a orquestra botaba as pezas derradeiras e os bares estaban recollendo as mesas para cerrar. A terraza do Casino aparecía deserta, as súas amigas deberan marchar había tempo. Acompañei a Laura deica a súa casa, sen deixarmos de falar en ningún momento. Sentíamonos felices e aos dous nos brillaban os ollos, como se aínda se reflectise neles a luz das estrelas que viramos había pouco. Despedímonos cun bico, e coa promesa de volvérmonos ver ao día seguinte.

Pouco durmín aquela noite, pois tiven que erguerme cedo para ir traballar. Cando aínda nin levaba unha hora no taller, o señor Ramón chamoume ao seu despacho. Pensei que sería para algún labor que me quería encargar, mais en canto vin como pechaba a porta decateime de que o asunto debía de ser máis serio. Fitábame con expresión dura e cun brillo raro nos ollos.

—Contáronme que onte estiveras na verbena coa miña filla. É certo?

Respondín que si. Non tiña sentido negalo, debeu de vernos xuntos máis de media vila.

—Pois como te volva ver con ela, douche tal ración de hostias que non te vai coñecer nin a nai que te pariu. Quedas avisado!

Fiquei sei fala, o que menos agardaba eran aquelas palabras. Tan cortado quedei que non souben como reaccionar. Cando xa me retiraba, avergoñado e confuso, o home engadiu con claro ton de desprezo:

—Recolle agora mesmo as túas cousas. Pasa pola oficina e que che dean a paga que che corresponde do que vai de mes. E mañá xa non volvas, non te quero ver nunca máis polo taller.

Aquel outono marchei para Barcelona. Un curmán meu xa levaba aló tres anos e nas cartas sempre contaba que na cidade as cousas eran moi distintas e que había todo o traballo que un quixer. Emigrar tan novo foi unha experiencia moi dura; ben mirado, eu aínda non era máis ca un neno. As horas interminables no tren, que daquela tardaba día e medio en chegar; o boureo da cidade e os ríos de xente polas rúas; a sensación de afogo ao sentirme tan lonxe da casa e descubrir de golpe que a vida ía en serio... O único que desexaba era traballar, foi unha bendición poder facelo desde o primeiro día. Empregueime no mesmo taller ca o meu parente, era certo o da abundancia de traballo. Axiña gañei a confianza do encargado, que non tardou en reservarme os arranxos máis delicados. Xa dixeran que tiña a cabeza esperta e boas mañas para a mecánica, alí foi onde aprendín o oficio de verdade.

Durante os dous primeiros anos, en vez de saír de troula consumía as horas dos domingos pechado no cuarto que compartía co meu curmán, lendo novelas que mercaba nas librarías de vello do mercado de Sant Antoni e escribíndolle a Laura cartas longuísimas nas que lle baleiraba o meu corazón. Ela respostábame de

cando en vez; aínda que as súas cartas adoitaban ser máis breves e non había nelas o entusiasmo que eu desexaría encontrar, valíanme para alimentar a ilusión que tanto me axudaba a soportar o paso dos días.

Chegou o tempo da mili, daquela era unha obriga da que case ninguén libraba. Mandáronme a Cáceres, lonxe da casa e lonxe do traballo. Seguí escribíndolle a Laura desde o cuartel, coa mesma ilusión que cando o facía desde Barcelona. Ou con máis, se cadra, pois as horas facíanse interminables, malia os meus esforzos por estar sempre ocupado. Chegoume algunha carta dela durante os primeiros meses, pero logo foron espazándose cada vez máis ata que deixaron de chegar.

Cando me licencié, regresei a Barcelona, mais xa non ao mesmo traballo. Meu curmán e mais eu tomamos a decisión de abrir o noso propio taller, xunto con outro compañeiro que era da parte de Vilalba e que tamén coñecía o oficio. Traballamos moi duro, nunca é doado abrirse camiño se non contas con axudas. Pero o negocio comezou a funcionar ben ao pouco tempo de abrímos, e entón puidemos permitírnos por primeira vez facer quendas durante os meses de verán e collermos unhas semanas de vacacións, algo que daquela aínda era un luxo para a maior parte da xente.

As miñas primeiras vacacións, nunca tal cousa soñara! Vin pasalas á vila, xaora, cun Renault 5 de segunda man, o primeiro coche que tiveron na miña vida. Nada máis chegar, chamei á casa de Laura. Non

minto se digo que se alegrou ao oírme e saber que volvera a Vilarelle. Quedamos citados no bar da praza, daquela era a única cafetaría decente que había aquí.

Cando a vin chegar, todas as ilusións que permanecían adormecidas reaviváronse de golpe. Laura seguía sendo moi guapa, máis aínda que nalgunha das fotos que me enviara, e a iso sumábaselle a sensación de plenitude que adquirira co paso dos anos. Sentíame feliz de tela ao meu carón, tan alegre e tan viva coma nos meus soños, aínda que me desasosegaba percibir nela un aire distante e reservado.

—Sabes? —díxome, cando xa levabamos algún tempo falando—. Queimei todas as túas cartas, espero que non che pareza mal. Miguel é moi celoso, non quero nin imaxinar a que me montaría se algún día as descubrise.

Fiquei calado, sen saber que dicir. O meu corpo seguía alí, mais o meu ánimo estaba a desfacerse por dentro coma un castelo de area varrido por unha onda repentina. Laura, allea ao que me ocorría, continuou:

—Miguel é o meu mozo; seguro que te lembras del, era o fillo máis vello do notario. Estudou Dereito e acaba de montar un despacho de avogados na Coruña.

Como eu continuaba mudo, abatido pola pena que me asolagaba, engadiu:

—Se aínda as gardas, queima ti tamén as miñas. Total, non dicían máis que parvadas.



Non as queimei, claro. Nin daquela, nin cando casei con Montse, nin tampouco cando naceron os fillos e se foron facendo grandes. As cartas estiveron sempre comigo, gardadas nun estoxo metálico coma se fosen un tesouro. Seguíñ volvendo á vila cada mes de agosto, unhas veces coa familia e outras só. Morreu meu pai, e logo miña nai, e repartín coa miña irmá o escaso herdo que nos deixaran. Eu quedei coa casa, quizais porque precisaba de algo que tirase por min e me obrigase a regresar. Os anos pasaron, sempre pasan sen que un saiba ben como se nos consome a vida, ata chegar a este verán dos meus cincuenta e seis anos.

Hoxe é once de agosto, unha data senlleira nos veráns da miña vida. Levo aquí desde primeiros de mes, nesta vella e solitaria casa familiar que me resisto a malvender. Estou só, xa hai tempo que nin Montse nin os fillos queren acompañarme. Enténdooos ben, eles non teñen aquí nada que os ate ao pasado. Se cadra tamén chegou a hora de que eu corte de vez os fíos que me unen a Vilarelle. É hora de esquecer, hora de borrar unhas lembranzas que nunca deixaron de obsesionarme.

Esta noite volverei á carballeira, quizais o único espazo da vila que permanece igual que na miña memoria, pois o resto está todo mudado. Buscarei un lugar solitario para poder ver as estrelas fugaces outra vez, como veño facendo desde hai tantos anos. E entón será cando lle prenda lume ás cartas de Laura.

Agustín Fernández Paz

Ha ser fermoso ver cómo as chamas queiman as palabras, cómo o fume e as faíscas se espallan ceo arriba, mentres as estrelas pasan sobre min co seu brillo efémero. Estrelas, palabras, fume: é o único que queda daquel amor distante que me abrasou o corazón nos meus anos adolescentes.